

QUE É UN PROXECTO?

**ELABORANDO MATERIAIS DIDÁCTICOS PARA
TRABALLAR COMPETENCIAS CLAVE**

2015-2016

Montse Uzal Puente

HAI MOITAS DEFINICIÓNS DE PROXECTO
MOITOS TRABALLOS AO RESPECTO CENTRADOS XA NO
MUNDO DA EDUCACIÓN NOS QUE BUSCADES
INFORMACIÓN PRECISA

EU VOU EMPREGAR A MENOS TÉCNICA DE TODAS.



Idea de algo que se pensa realizar e de como se pensa realizar.

Diccionario da Real Academia Galega

Todos facemos proxectos na nosa vida diaria.

GRANDES

Pequeniños

Relevantes ou non

Insignificantes

IMPORTANTES

Polo tanto TODOS SABEMOS FACER PROXECTOS

TODOS PODEMOS FACER PROXECTOS

O QUE ÁS VECES NOS PARALIZA É A INSEGURIDADE

Parécenos algo
novo e difícil.

Non temos garantías
de éxito.

Non temos unha guía
precisa de que pasos dar en
cada proxecto.

A avaliación parece
difusa.

Non serán unha moda?


Pero hai numerosos factores que tamén nos invitan a probar.-

- **TODAS AS LEIS DE EDUCACIÓN REFRENDAN ESTE TIPO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE DENDE HAI MOITOS ANOS.**
- **AS NUMEROSAS PUBLICACIÓNS QUE HAI CONTANDO EXPERIENCIAS LEVADAS A CABO POR PROXECTOS REFLECTEN UNHA IDEA MOI POSITIVA DELES.**
- **SABEMOS DO DESCONTENTO DE ESTAR NUNHA CLASE SOAMENTE COMA ESPECTADOR, RECOLLENDO DATOS PARA AO CHEGAR A CASA TRATAR DE ORGANIZALOS, APRENDELOS E VERQUELOS BEN O DÍA DO EXAME.**
- **LEVAMOS ANOS FALANDO DA NECESIDADE DE MOTIVACIÓN NAS AULAS.**
- **GUSTARÍANOS VER AO NOSO ALUMNADO IMPLICADO NAS SÚAS APRENDIZAXES.**
- **CONSEGUIR QUE OS ALUMNOS SE FAGAN RESPONSABLES DA SÚA PROPIA APRENDIZAXE.**

PORQUE REALMENTE UN PROXECTO É SINXELAMENTE UNHA FERRAMENTA ÚTIL PARA POÑER EN FUNCIONAMENTO AS CAPACIDADES DO ALUMNADO, PARA MEDIR O SEU DESEMPEÑO FACENDO ALGO, PARA QUE APRENDA A SER COMPETENTE DIANTE DE CALQUERA TAREFA QUE XURDA NO COLEXIO SI, PERO SOBRE TODO NA VIDA.



Garante que traballemos dun xeito **COMPETENCIAL**, usando na práctica uns saberes adquiridos para facer algo novo propio respectando unhas normas de actuación éticas.



VINCULACIÓN ENTRE AS COMPETENCIAS CLAVE E OS PROXECTOS

Se o alumnado é parte activa na construción do seu coñecemento conseguirá:

Autonomía para a súa propia aprendizaxe.

Desenvolvemento persoal e social.

Capacitación para enfrontarse ás dificultades que se atope na vida.

Permitirá un desenvolvemento integrado:

- Dos coñecementos ou saberes dos que é depositario. (SABER)
- Da capacidade de resolución para aplicalos empregando estratexias e procedementos de uso deses contidos. (SABER FACER)
- Da súa forma de participación no grupo. (SABER ESTAR)
- Da súa actitude. (SABER SER)

EXERCICIOS, ACTIVIDADES, TAREFAS, PROXECTOS DE AULA, PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS

- Traballar por proxectos non significa deixar de empregar **exercicios** nin **actividades**.
- Pola contra, imos seguir empregando estes recursos pero cunha finalidade previamente establecida. Non deixamos de facelos pero hai un **por que** para o seu uso. Servirán para obter o contido.
- Todos deseñamos **tarefas** pero moitas veces facémolo usando recursos pouco contextualizados, que non cumpren a súa función porque o alumnado non é quen de ver nesa actividade unha tarefa real. Acaba pensando que é un exercicio sen máis.
- Os **proxectos de aula** supoñen a planificación de máis tarefas interrelacionadas e cun obxectivo real: un produto, definido con anterioridade e que ha de cumprir unhas condicións que o alumnado ter claras.
- Os **proxectos documentais integrados** son ademais de interdisciplinares e poden supoñer a realización de produtos diferentes destinados a formar parte de un produto aínda de maior dimensión.

EXERCICIOS, ACTIVIDADES, TAREFAS, PROXECTOS DE AULA, PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS

EXERCICIO



Accións orientadas a asegurar o dominio dun contido.



Caligrafía,
multiplicacións,
memorización das
características dunha
época, etc

ACTIVIDADE



Accións orientadas ao emprego dun coñecemento dun xeito diferente.



Escribir un determinado tipo de texto, comparar dúas máquinas, etc

TAREFA



Conxunto de actividades destinadas á resolución dun problema ou dunha situación plantexada e da que debemos obter un produto relevante.



Facer un presuposto de volta ao cole, preparar un cartel, a presentación dun festival, etc

TAREFA INTEGRADA

PROXECTO



O conxunto de actividades anteriores debe estar ben planificado, cuns plantexamentos definidos, nun espazo temporal delimitado e cunha finalidade relevante e coñecida.



Os exemplos anteriores valerían e aínda poderían enriquecerse con máis propostas

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO




Son o mesmo que unha UDI (unidade didáctica integrada) pero están vinculados á busca de información activa na biblioteca, ao uso de recursos documentais de todo tipo, a alfabetización informacional no uso deles, á capacitación como usuarios dunha biblioteca e a elaboración dun informe sobre o aprendido e descuberto.

E por ese motivo, moitas veces aparecen deseñados polos equipos da BE coa intencionalidade de que todo o cole participe e se dea unha utilización activa da biblioteca e o alumnado aprenda a manexar fontes e recursos.

Ademais, ao mesmo tempo prepárase ao alumnado para a creación de coñecemento e insítese na ética ao facelo.

COMO CHEGUEI EU AO CONVENCEMENTO DO USO DE TAREFAS E PROXECTOS.



Coma mestre de Lingua Inglesa.

Coñecer a lingua, controlar un bo número de vocabulario, coñecer a gramática, etc non significa ser competente na fala, que é o verdadeiramente necesario cando alguén ten que comunicarse neste idioma.



Coma membro dun equipo de biblioteca no meu centro dez anos.

A mellor formación de usuarios á a que se obtén usando a biblioteca. A educación documental e a alfabetización informacional se fai igualmente manexando os documentos .

DESEÑO DUNHA TAREFA INTEGRADA

Escoller unha tarefa: hai mil maneiras: Os intereses do alumnado, algunha necesidade propia do centro ou da aula, os propios estándares dan ideas.

Definir claramente a finalidade da mesma: un produto de interese.

Especificar as competencias coas que se van traballar.

Ver que materias están involucradas.

Deseñar as actividades.

Selección dos estándares e dos contidos.

Materiais que precisamos.

Organización de espazos, tempo, disposición do alumnado e metodoloxía.

Procedementos e instrumentos de avaliación.

Indicadores de logro.

DESEÑO DUNHA UNIDADE DIDÁCTICA INTEGRADA

O procedemento é igual ao anterior pero comprende máis dunha tarefa e cada unha delas varias actividades.

É máis complexa pero o proceso a seguir é o mesmo.

DESEÑO DUN PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

Como sinaliei anteriormente ten unhas connotacións un pouco diferentes pero novamente o proceso é o mesmo: implica a máis dun grupo, o tempo de duración é máis longo e ademais acolle de maneira paralela á investigación que se faga fincapé na educación documental, no tratamento das fontes e tamén na comunicación ética do uso das mesmas.

EMPECEMOS CUNHA TAREFA PEQUENA PERO GRANDE

ASÍ SOMOS NÓS.... OS DE SEGUNDO

NIVEL : 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREAS TRABALLADAS: Lingua Galega, Ciencias Sociais e Ed. Artística (Plástica)

TEMPORALIZACIÓN: Todo o curso.

DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN: Dar datos persoais, facer a nosa descrición, facer preguntas adecuadas para saber cousas dos compañeiros, debuxar copiando da realidade.

PRODUTO FINAL: Facer un libro no que se recollan todas as descricións dos compañeiros.

COMPETENCIAS CLAVE: Comunicación lingüística (C.C.L), Social e cidadá (C.S.C), Conciencia e expresións culturais(C.C.E.C) e Aprender a aprender (C.A.A)

MATERIAIS: Libros de lecturas, láminas, preparar fichas coas fotos de carné para cada alumno, dossieres individuais para gardar o traballo semanal ata o final de curso, cartolinas para facer as portadas e contraportadas dos libros.

ESPAZO: Na aula. En asamblea durante a descrición que o alumno fai. Traballo individual durante o debuxo. Traballo en grupos cando escriben a descrición.

A TEMPORALIZACIÓN: Nos primeiros dous meses trátase de que o alumnado vaia acostumándose á estrutura de maneira oral e interiorizando o modelo a seguir.

Aínda non escriben moito nin moi rápido polo que as primeiras serán probablemente máis curtas que as últimas.

É convinte que sintan que o traballo é para o equipo e aqueles máis rápidos poidan prestar axuda aos que lles costa máis.

A ESCENIFICACIÓN: Debemos coma mestres darlle unha grande importancia ao traballo que van facer. Dicirlles que será un libro feito por eles onde estarán todos os seus amigos.

ACTIVIDADES DENTRO DA TAREFA:

ACTIVIDADES DE MOTIVACIÓN:

Lecturas nas que se describan a nenos e nenas da súa idade. Preguntas de comprensión sobre elas.

Descrición de nenos e nenas en láminas.

Xogo de quen é quen.

ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO

Aproveitar cada mañán as rutinas de inicio da clase para que o alumno ao alumna a quen lle toque facelas se presente con nomes e apelidos, diga a súa idade, a súa dirección, o día do seu aniversario... reforzando así a estrutura.

- **Exercicio 1:** escribo a miña dirección e dígoa diante da clase.
- **Exercicio 2:** anoto nunha lista a data do meu aniversario e a dos meus compañeiros.
- **Exercicio 3:** fago preguntas aos meus compañeiros sobre datos persoais tales coma o cumple, a dirección, con quen vivo, etc

Estas actividades fánse ao longo de dous meses antes de empezar coa primeira descrición escrita.

ACTIVIDADE DE CREACIÓN:

Destinaremos un día á semana para que sexa o día de

Os alumnos sintense protagonistas e veñen incluso con roupa nova . Para eles é un día importante.

O mestre guía a descrición que sigue unha estrutura sempre igual empezando por dar o seu nome, os anos que teñen, o día do seu aniversario, a súa dirección, con quen viven e se teñen irmáns como se chaman e cantos anos teñen.

A segunda parte é a descrición de como veñen vestidos hoxe. Esta descrición faina outro alumno e alumna. Insistir no vocabulario da roupa, materiais, formas. Despois debuxan o corpo do compañeiro ou compañeira tal como vén vestido/a hoxe.

Turno despois de preguntas: cada un pode facerlle unha pero non repetida sobre os seus gustos ou algo que lle interese moito saber.

A parte escrita vai seguindo o modelo e nas primeiras ocasións é bo que o mestre a escriba.

Finalmente, decoran a folla e teñen que gardala no dossier correspondente co seu número.

Ao final de curso cada alumno e alumna terá a descrición dos seus compañeiros e soamente quedará por montar o libro. É un traballo no que poñen moito empeño pois están desexando levalo e ensinalo xa que levan moito tempo agardando por el.

SELECCIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS:

É unha tarefa moi costosa pero coa ferramenta Prográmame moito máis doada:

LGB1.3.1 *Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.*

LGB 1.3.3 *Elabora e produce textos orais sinxelos diante da clase e responde preguntas sinxelas sobre o seu contido.*

LGB1.3.4 *Participa no traballo en grupo.*

LGB 1.4.1 *Atende ás inteervencións dos e das demais en conversas e exposicións sen interromper.*

LGB 1.5.5 *Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese, unha actitude receptiva de escoita e respecta as opinións das demais persoas.....*

PENSANDO NO PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO DENDE A LOMCE

O desenvolvemento dun PDI permite ao alumnado investigar, buscar e seleccionar información para logo crear un contido propio.

O alumno pasa a ser **produtor** e non soamente consumidor.

O mestre diseña as actividades e tarefas, **acompaña** ao alumnado dando modelos, revisando, propoñendo e avaliando . Camiña con eles.

DESENVOLVER UN PDI AXUDA A FACER ALUMNADO COMPETENTE

- Inclúe contidos de varias materias.
- Descritores de varias competencias
- Implica enfrontarse a varias tarefas e tomar decisións.
- Traballar en grupo, COOPERANDO.
- Precisa facer valoracións.
- Busca un produto final.

PERO NON É DOADO:

- Porque implica que as tarefas sexan flexibles, abertas. Por unha banda hai moitas maneiras de enfrontarse a elas e facelas.
- Hai que darlles un contexto de realidade, non facelos por facelos.
- Complexo, porque supoñen unha participación moi diversa e recursos.

ELEMENTOS QUE DEBEMOS CONSIDERAR NO DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

1. TEMA. Ten que estar claro e definido. Dalgunha maneira debe obedecer a intereses da comunidade educativa. Motivación.
2. Ter en conta os coñecementos previos do grupo de alumnos.
3. DOCUMENTACIÓN. Coñecer e seleccionar os documentos que consideramos de interese para o proxecto e ensinar a usar as ferramentas de búsqueda según o documento que vaia empregar.
4. SELECCIONAR os que cada quen vai usar e como.
5. RECOLLIDA DAS INFORMACIÓNS QUE PRECISO: o alumnado ten que saber o que queremos que faga.
6. SINTETIZAR, facerse coa información nas palabras dun.
7. PRESENTAR O OBTIDO: oralmente, nun mural, nun debuxo, etc
8. AVALIAR O PROCESO. Non soamente o produto final.

O EQUIPO DE BIBLIOTECA DEBE FACER A ESTRUTURA

- Presentar o Proxecto ao centro e aos escolares.
- Definir os obxectivos (estándares) e os contidos cos que temos que traballar.
- Dotar de recursos ao centro.
- Seleccionar os estándares a acadar.
- Definir o resultado final.
- Planificar ben as tarefas.
- Indicar se é preciso que imos avaliar, non soamente o traballo final. É tan importante o proceso.
- Cada mestre ou equipo de mestres dun curso personalizará ese proxecto de centro segundo os seus propios intereses.

PRESENTAR O PROXECTO AO CENTRO E AOS ESCOLARES.-

- ❖ Importante que nas decisións sobre o mesmo non partan de unha soa persoa. Mellor que haxa un grupo de docentes de distintos cursos porque aportarán visións diferentes e xurdirán propostas que gusten a todos.
- ❖ A maneira de comunicarllo aos alumnos tamén é importante. Diseñar unha estratexia que consiga movelos a...

RECORRIDO POLOS PROXECTOS DOCUMENTAIS REALIZADOS NO NOSO CENTRO

Nós coma equipo de BE iniciamos o traballo con Proxectos Documentais nos que participaba todo o centro pensando no desenvolvemento da Ed. Documental.

PORQUE...

- Desexábamnos que a biblioteca fose usada coma centro de investigación.
- Que non fose soamente o lugar de empréstito ou de animación á lectura.
- Queríamos ensinar ao noso alumnado a manexar diferentes tipos de documentos, usalos para extraer información e que eles elaborasen un produto que contar aos seus compañeiros.
- Viamos nesa maneira de traballar moitos alicientes para todos: os grupos, o centro, a relación coas familias, a relación inter-grupal, a colaboración entre niveis, etc..

CARACTERÍSTICAS DA EDUCACIÓN DOCUMENTAL

Achegamento ao alumnado de materiais informativos en calquera soporte, formato ou medio.

Desenvolvemento de habilidades básicas como:

Adquisición de competencias básicas: C. lingüística, Aprender a aprender, Tratamento da información e competencia dixital.

Identificar as necesidades de informarse.

Seleccionar a fonte de información : que tipo de documento me pode axudar.

Utilizar con precisión ese documento para achar o que busco de maneira eficaz.

Facer unha lectura comprensiva en función dos meus obxectivos.

Ser quen de elaborar un documento propio cos datos obtidos.

¿O PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO: ED. DOCUMENTAL ?

Cando decidimos “Imos facer un traballo sobre.....” estamos provocando a necesidade de informarnos sobre algo.

1. Saber cal é o tema.
2. Identificar o que xa sabemos.
3. Buscar os documentos e fondos que preciso.
4. Seleccionar os que me valen.
5. Recoller as informacións.
6. Sintetizar esa información.
7. Presentar esa información obtida.
8. Ver se o resultado foi o que buscaba.


BÚSQUEDA DE INFORMACIÓN
TRATAMENTO DA INFORMACIÓN
EXPRESIÓN DOS COÑECIMENTOS AOS QUE CHEGAMOS
PRESENTACIÓN DESA INFORMACIÓN CONVERTIDA EN
PROPIO COÑECIMENTO

O RESULTADO
DO TRABALLO
É
IMPORTANTE
PERO TAMÉN
O É E MOITO O
PROCESO DE
ELABORACIÓN
DO MESMO

A EDUCACIÓN DOCUMENTAL: TRABAJO POR PROXECTOS



O primeiro proxecto feito no noso centro foi no curso 2006-2007



Dirixido polo equipo de BE

Participa todo o centro

O obxectivo principal era que os nosos alumnos estudasen un tema de interese empregando os fondos da BE e o fixesen neste espazo.

Estaba enmarcado nas actividades de dinamización de BE. Aínda non falábase de Ed. Documental pero si a estabamos a desenvolver porque tiñamos nel todos os ingredientes que se precisan.

O título era “As nosas árbores” e pretendiamos que os nosos alumnos e alumnas coñecesen as do noso patio e arredores.

GUIÓN PARA O PROXECTO DE DINAMIZACIÓN: "AS NOSAS ÁRBORES"

Realizado polo equipo da Biblioteca contiña unhas indicacións xerais para que cada curso desenvolvera o traballo.

Consideramos que no proxecto debiamos incluír:

- Actividades plásticas.
- Dossier informativo.
- Creación. Neste caso pensamos nun conto que tivera coma protagonista a árbore elexida.

A MOTIVACIÓN

A decisión da árbore foi feita por cada titor priorizando as decisións dende Ed. Infantil ata 6º de Ed. Primaria.

Pero os nenos descubriron o que lles tiñamos preparado cun xogo feito en colaboración co Dep. de Ed. Física.

Mediante un circuíto de orientación atopaban unha caixa que tiña un puzzle co nome da árbore que terían que estudar ese curso.

Proxecto: "AS NOSAS ÁRBORES"



Xogo de orientación




O noso xardín



1ª FASE.- REPRESENTACIÓN PLÁSTICA

Queríamos que fixesen algo plástico que amosase o que os nenos observan, descubren e aprender sobre a árbore escollida. Os traballos podían estar nas aulas ou saír aos corredores. Na semana da árbore faríamos unha exposición delas. Usarán calquera tipo de material ou formato.



A MIMOSA





2ª FASE .- TRABALLO DOCUMENTAL E DOSSIER INFORMATIVO

Cada grupo ten liberdade para investigar todo o que queira pero o equipo de BE pasa unha guía que incluía:

Fisioloxía:

Partes (raíz, talo, follas, flores, froito)
Formas (raíz, follas, ..)
Medidas.

Hábitat:

Entorno
Localización xeográfica.
Aspecto nas diferentes épocas do ano.

Usos:

Madeira.
Alimentos
Ornamentación.
Perfumes.

Curiosidades:

Festas.
Conmemoracións.

Ao mesmo tempo o Equipo de Biblioteca fai unha guía con todos os fondos da BE que se poden consultar. Públicaa e ademais monta unha exposición permanente destes materiais na BE para que os cursos poidan empregalos doadamente cando traballen alí.

BIBLIOGRAFÍA ESCOLAR SOBRE ÁRBORES

- “El maravilloso mundo de las plantas”. Auriga Ciencia. (6 volúmenes):
 - “Las flores y sus curiosidades”
 - “Plantas enanas y gigantes”
 - “Las plantas que nos alimentan”
 - “Plantas venenosas y parásitas”
 - “Plantas con fruto comestible”
 - “Las plantas útiles”
- “Enciclopedia básica do estudantel” .Everest Galicia. Volume 1 (A- Car). 3 exemplares.
- « El bosque ». Editorial Altea.
- “Las flores blancas” (Cuentos y leyendas de México). Editorial Altea.
- “La cabaña en el árbol”. Editorial Alfaguara.
- “Actividades para jóvenes botánicos”. Editorial Adara.
- “No corazón do bosque”. Editorial Anaya.
- “La casa del árbol”. Editorial Anaya.
- “Flores silvestres”. Enciclopedia de temas básicos. Instituto Parramon.
- “El árbol solitario”. Editorial SM.
- “O señor mago e a folla”. Everest Galicia.
- “A carballeira”. (Os Bolechas descubren a Natureza). A Nosa Terra.
- “Los conejitos descubren el bosque”. Hemma Joven.
- “El libro de la A”. Enciclopedia Ábrete Sésamo. Montena-Orbis.
- “A memoria das árbores”. Kalandraka.
- “El tomate”. Edebé.
- “La enciclopedia de los árboles y arbustos”. Editorial Libsa.
- “La aventura de aprender”. Planeta.
 - Plantas + CD
 - Conservación de la naturaleza + CD
- “Enciclopedia temática ilustrada” . A Nosa Terra” . (Vol. 3, 12, 17, 18. 20):
 - “A ecoloxía”
 - “As árbores”
 - “Os espazos naturais”
 - “O agro”
 - “A paisaxe”
- “Plantas e árbores”. A Nosa Terra.
- “Observando os vexetais”. A Nosa Terra.
- “ Actividades para explorar la contaminación”. Editorial Adara.
- “Experimentos científicos que se pueden comer”. Editorial Adara.
- “Biología no laboratorio”. Asociación Sociopedagógica Galega.

Tamén se lles oferta aos grupos a posibilidade de ter charlas informativas.
En concreto neste proxecto tivemos tres:

Un garda forestal

Da asociación de Vedra veu alguén a falarnos das camelias e poidemos plantar.

Da Deputación viñeron dous técnicos a falarnos das especies galegas.



¿COMO COMUNICAMOS DENDE A BIBLIOTECA TODO ISTO?

Cunha carta da nosa mascota CAROLA

CAROLA



"Dúas augas... moitos peixes"

O proxecto documental integrado convertese nun camiño que nos permite traballar xuntos dende diferentes ámbitos.

O Equipo de Biblioteca volve buscar un tema que poida ser atractivo para todos.

O tema parécenos atractivo en sí mesmo e apropiado para o alumnado que temos, ademais de ser un tema coñecido para eles e as súas familias. Contamos, na entrada do noso centro, cun acuario moi visitado por todos os rapaces e rapazas, sobre todo polos máis cativos.

O noso concello é unha zona de ríos: Liñares, Ulla, Umia. Unha actividade na que participan os nosos nenos e nenas é na solta de alevíns no río Liñares, que promove o concello.

Dende hai moitos anos celébrase en A Estrada a FESTA DO SALMÓN, que ten connotacións históricas moi importantes e interesantes para os nenos e nenas do concello.

Na zona hai sociedades deportivas específicas de pesca.

O contraste que nos ofrece a zona interior e a zona costeira (nalgúns casos descoñecida para moitos dos nosos alumnos), e que normalmente é un destino nas excursións de varios ciclos.

Existencia de peixarías e piscifactorías na zona.

Utilizar un principio educativo "Ir do coñecido ao descoñecido".

Neste caso o traballo adxudicase por situación no centro. Traballárase en murais polos corredores durante o primeiro trimestre.

Logo todo centro investigará sobre o mar que se presentará fisicamente na vestíbulo a onde van os ríos.



E. INFANTIL.-
O ULLA

1º, 2º, 3º.-
O SIL

4º, 5º, 6º.-
O MIÑO



1ª FASE.- PRODUCCIÓN PLÁSTICAS SOBRE O RÍO E O MAR



2ª FASE: INVESTIGACIÓN E INFORMACIÓN DOCUMENTAL SOBRE O RÍO E O MAR

Os aspectos que se traballan son os seguintes:

- O percorrido.
- A fauna e a flora.
- A pesca.
- Actividades arredor do río.

Estudaremos o río dende todas as áreas: Plástica, Linguas, Coñecemento, Ed. Física, L. Inglesa, Matemáticas...

A Biblioteca expón os libros que nos poden axudar e fai a exposición de todos estes fondos.

Vovemos a traer conferenciantes relacionados coa temática.

Todo o mundo aprende moitas cousas dos peixes, do río, do mar., etc

2ª FASE: Investigamos



SELECCIÓN DE FONDOS



Conferencia sobre o Ulla.

Traballamos na Biblioteca sobre o río e o mar

Conferencia sobre os ecosistemas dos ríos



PRESENTACIÓNS DAS INVESTIGACIÓNS AOS COMPAÑEIR@S DOUTROS CURSOS



3º

C
I
C
L
O



EDUCACIÓN INFANTIL





2º ciclo





TRABALLOS SOBRE O MAR



3ª FASE.- creación de textos

EDUCACIÓN
INFANTIL



5 ANOS B



O PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO DÁ VIDA A TODO


O entroido



Os traballos de aula



A revista Candeas



CURSO 2008 - 2009 proxecto documental integrado A VESTIMENTA

Despois da toma de decisións a partir do tema escollido cada curso decide que aspecto vai traballar.

Este comunícase a todos os nenos e nenas mediante o correo que teñen con Carola.

A elección foi a seguinte:

- INF 3 ANOS AS ROUPAS DOS PIRATAS.
- INF 4 ANOS A ROUPA DOS DIFERENTES OFICIOS.
- INF. 5 ANOS A ROUPA DE MÉDICOS E ENFERMEIRAS. (Tiñan un proxecto sobre o corpo humano)
- 1º A ROUPA DE INVERNO.
- 2º A ROUPA DOS PERSONAXES DOS CONTOS.
- 3º A ROUPA DOS NOSOS BISAVÓS
- 4º A A ROUPA NA IDADE MEDIA.
- 4º B A ROUPA EN TEMPOS DOS GREGOS.
- 5º A ROUPA DO VERÁN.
- 6º A TRAXES DE NOITE.
- 6º B A ROUPA DOS HIPPIES.

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO: A VESTIMENTA

1ª FASE.- ELECCIÓN DA ÉPOCA E EXPOSICIÓN DOS TRABALLOS PLÁSTICOS











2ª FASE : EDUCACIÓN DOCUMENTAL NA BIBLIOTECA TRABALLANDO COS FONDOS.

CHARLAS E
CONFERENCIAS:
Enfermeira, bombeiro,
Xastre, Modista

Traballamos o
vocabulario propio
da roupa con
pequenas
preguntas.

Fixemos un libro
informativo
sobre todo o
que
aprendimos.

O Entroido permitiunos
levar máis alá o
proxecto e nas
actuacións de fin de
curso tamén .

Facemos un
EDI Lim coa
temática
traballada.

Aparece na
revista.

CURSO 2009 - 2010: PDI O CAMIÑO DE SANTIAGO

Seguimos traballando dende a Biblioteca. Recollendo ideas de todas partes e logo facendo unha guía que facilite o traballo a todo o centro.

Nesta ocasión o noso traballo final é ser quen de construír un libro de viaxes coas etapas do Camiño Francés a Santiago.

En Ed. Infantil deciden traballar todos os símbolos do peregrino.

Seguimos respectando as tres fases:

Parte plástica na que visualmente lle contamos a todos cal é o obxecto da nosa investigación.

Parte de investigación que logo expoñemos oralmente.

Traballo de creación final. Neste caso un libro de viaxes polo camiño francés.

1ª FASE: VIAXANDO POLO CAMIÑO FRANCÉS A SANTIAGO








Libro de viaxes

A PINTURA: OUTRA FORMA DE LECTURA PINTURA E PINTORES.

O PDI aparece no noso Proxecto Lector como unha actuación anual que nos permite desenvolver a Educación Documental. En setembro, fixéronse os obxectivos, contidos, actuacións e competencias que nos vai axudar a desenvolver e planíficase de maneira xeral. Así inclúese no Plan Xeral Anual e no Plan de Actuación da Biblioteca. Logo tamén se contempla nas Programacións de Ciclo e cada ún na súa propia, segundo o ámbito dende o que actúa.



Envíanse cartas ás aulas e cada curso programa como facelo.

Ao mesmo tempo a BE merca os fondos necesarios e sáos a coñecer.

CURSO 2012-2013. Proxecto Documental Integrado "PINTURA E PINTORES"

O PDI volve a considerar dende o principio tres fases:

Primeiro coma sempre Carola envía a todos os ursos unha carta invitándoos a unirse ao proxecto de explorar a vida dun pintor. A entrada do cole ambientase e dáse un tempo para que cada curso escolla. Aquí priorizamos dende abaixo arriba.

RECREACIÓN PLÁSTICA : _ Achegamento visual á obra do pintor seleccionado. ¿Qué pinta?, ¿Qué cores emprega?, ¿Qué representa? Gústache



Os fondos estarán á disposición de todo o mundo na BE.

A hora de ler artículase en torno ao proxecto se así o estiman convinte e a entrada decórase atendendo ao proxecto.

O SOÑO DE ...

OBRADOIRO DE EXPRESIÓN ORAL

Como parte do proxecto sobre "Pintores", promovido polo Equipo de Biblioteca, Normalización Lingüística e Extraescolares, dentro deste contexto, ao longo do curso, no Obradoiro de Expresión Oral que desenvolvemos en Educación Infantil, lemos contos relacionados co tema.

Fixemos unha selección de pintores da colección "el sueño de ..." de edicións BROSQUIL, da que aquí deixamos unha pequena mostra, desexamos que gustedes dela tanto coma nós. Aprendemos e disfrutamos... LENDO.

Argumento: Na súa nenez, Pablo pintou dúas pombas brancas. Un día, notou que só quedaba unha. A outra botárase a voar. Desde ese momento, Pablo percorreu o mundo debuxando e pintando mentras buscaba a súa pomba.

PABLO PICASSO: 1881-1973. Pintor malagueño. Foi o artista máis completo da súa época.

Argumento: Joaquín Sorolla quere facerlle un agasallo á súa filla María para o seu aniversario. Como non sabe que pode gustarlle, preguntallo a ela directamente. Ela, despois de moito pensar, pídelle algo especial... e moi difícil de atopar. Pero Sorolla atoparao e María terá o seu agasallo.

JOAQUÍN SOROLLA: Valencia 1864-Cercedilla 1923, considerado o pintor da luz. Foi un magnífico debuxante e excepcional colorista. As súas pinturas están cheas de vida, movemento e alegría.



O SOÑO DE ...

OBRADOIRO DE EXPRESIÓN ORAL

Argumento: Cada cadro do pintor Goya é como un soño: hai cadros de xogos e outros de pesadelos. Inexplicablemente, un xove que consegue escaparse do cadro "A galíña cega" entra noutros cadros e cambiaos un pouco... bastante. ¿E Goya? Non fagades ruído está soñando.

FRANCISCO DE GOYA 1746-1828. Este pintor é un dos máis importantes do arte español de todos os tempos. Quedou xordo debido a unha grave enfermidade, pero iso non lle impediu seguir traballando.

Argumento: Nun pequeno pobo holandés viven dous irmáns chamados Vincent e Theo van Gogh. A Vincent encántalle pintar e colorear. Un día, o seu irmán Theo regáalle unha caixa de acuarelas con moitas cores, papel e un pincel máxico. Acompañado do seu gabiño de xogos e do pincel, inician unha viaxe ao increíble País das Cores. Alí, con axuda da súa imaxinación, Vincent transformará as paisaxes, os obxectos e a luz nun universo cheo de cor, onde se mesturan fantasía e realidade.

VINCENT VAN GOGH 1853-1890 foi un artista excepcional, tan xenial como desventurado. Traballou de profesor de idiomas, vendedor de libros... ata que tomou a decisión de ser pintor.



A BE pola súa parte encargase de reunir todos os documentos que ten para facilitar o traballo.

http://issuu.com/bibliolulu/docs/a_pintura_recursos?e=4289719/2654142

6º



PINTURA E PINTORES

TEMAS XERAIS:

- Acuarela
- Lapis de cores
- Ceras
- Lápicos de colores
- Rotuladores
- Acuarelas
- Pastel
- Ceras
- Témperas
- Los colores
- 365 ideas para pintar y dibujar
- Imagina
- Pip e a cor azul
- As cores de Elmer
- Pequeno azul e pequeno amarelo
- Luz y sombras en dibujo y pintura
- Hablemos de la pintura
- Así se dibuja a la pluma
- Así se pinta un mural
- Artes gráficas
- Pintura
- Que sabes de arte 1
- Que sabes de arte 2
- 5ª Bienal de arte
- Bienal de arte 1983
- El arte en la escuela
- Descubrir a arte a través do mundo
- Obras maestras del arte
- Arte para niños
- El arte a lo loco (Juegos)
- Devoramos pintura



2ª FASE DO PROXECTO. Estudar a vida do autor e extraer datos para unha biografía. O aprendido é contado a outras clases en exposicións orais, que son de grande interese.

Como traballo adicional entrega cada curso unha cartulina en A· onde conta a biografía do pintor e como é a súa pintura.

Para facer esta parte do traballo cada grupo diseña a súa propia estratexia.

Creación dun libro guía co que acoden a investigar.

Búsqueda de información e exposición de datos, etc

Preparación dunha intervención oral explicando o cadro do autor.

Ao final faise un libro do proxecto coas aportacións de todos.





PRIMEIRA FASE : Exposición plástica do noso pintor



3 anos: MIRÓ

4 anos: MONDRIAN



5 anos: KLIMT



1º curso: KANDINSKY





2º curso.- CARLOS MASIDE





3º curso: LAXEIRO



4º curso: PINTORAS
GALEGAS. Mallo, Dans
e Lamas







5º curso: CASTELAO DEBUXANTE



6º curso: VELÁZQUEZ.

http://abibliodecarola.blogspot.com.es/2013_04_01_archive.html



O PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO NO ENTROIDO






















2º fase: investigamos sobre o noso PINTOR

KANDINSKY



Nº



NOME.-

APELIDO.-

ANO DE NACIMENTO.-

LUGAR.-

ANO DE FALECIMENTO,-

LUGAR,-

TIPO DE PINTURA.-

foto

Busca no mapa de Europa os países nos que viviu Kandinsky. Despois escribe o nome deles e colorea seguindo as instrucións:

RUSIA: azul.

ALEMANIA: vermello

FRANCIA: amarelo.

¿Onde vivimos nós?

.....

¿Cómo se chama a nosa comunidade?

.....

Pon unha cruz nela e pinta o noso país da cor que queiras.



Mapa político mudo de Europa con todos los países para imprimir y colorear, recortar, etc., Dumb political map of the Europe with all countries to print and to color, to trim, etc.

Observa os seguintes cadros e marca os que che parecen abstractos. Logo escoita o seu nome e escríbeo onde corresponda.



UNIDADE DIDÁCTICA SOBRE O PINTOR VASSILY KANDINSKY

A actividade está enmarcada dentro dun Proxecto Documental Integrado sobre PINTURA E PINTORES desenvolvido no centro e que comprende tres fases:

1º.- Reprodución plástica dun dos cadros do autor.

2º.- Traballo sobre a biografía e características da pintura do autor. Este traballo está elaborado para o primeiro nivel do primeiro ciclo.

Páxina 1. Colorear e poñer nome á portada. Comentar a obra do autor do cal está sacada.

Páxina 2.- Investigación na biblioteca. Búsqueda de datos sobre a biografía do autor. Recollida daqueles que nos piden.

Páxina 3.- Traballo co mapa. Podemos partir do globo terráqueo e logo levar un de Europa á aula. Recordar datos da vida de Kandinsky e escribir o nome destes países e colorear. Completar a ficha co noso.

Páxina 4.- Comentar que é unha obra de pintura abstracta e cal non. Marcar as dúas que o son. Dicir o nome das obras de Kandinsky de maneira desordenada e que a escriban onde pensan que é. Os títulos son: O porto de Odessa, Composición VIII, Negro e violeta, Igrexa vermella. O ideal é que vexan os cadros no EDI.

Páxina 5.- Copia dun dos cadros de Kandinsky e comentario persoal.

Outras posibilidades en folio branco: Problema para averiguar cantos anos viviu, Observación dun dos seus cadros, poñer un nome e logo dicirle o verdadeiro, escribir palabras coas letras de Kandinsky, análise dun cadro contando as formas que ven etc

PERFORAS
SABAS

M^a ANTONIA DANS



MARUJA MALLO

MENCHU LAMAS



M^a ANTONIA DANS

BIOGRAFÍA:

M^a Boado naceu o 9 de abril de en
..... , A Coruña. De nena marchou vivir a A súa pai-
saxe influenciará a súa obra. Con 16 anos, toda a familia trasládase a
..... Aquí inicia a súa formación pictórica no estudio de
.....

No ano 1952 casa con , periodista. Vivirán en
..... Aquí segue a súa formación pictórica no
..... e na Escola de San Fernando. Tamén coñecerá a outros ar-
tistas das artes e das letras. Entre eles destacan Carmen Laforet e
.....

No ano 1956 nace a súa filla

Morreu o 17 de de 1988.



OBRA:



A súa pintura calificada de ".....", casi infantil, é en realidade un neoexpresionismo de raíz inxenuista, parecido os bordados populares.

Na súa pintura recreou o mundo galego da súa, apacible e gozoso.

As súas son elementais, as veces parecen mosaicos.

Os temas predominantes son as faenas do, o mundo do e as

En canto o cromatismo abundan os tonos puros:, amárelos e

Comeza a expor no ano 1950 na Logo farao en e rematará por percorrer toda Viaxará tamén ó estranxeiro, destacando a exposición de onde recibe a medalla da vila. En España tamén recibirá premios: Fundación, Ministerio de

Tamén ilustrou libros e traballou como no periódico ".....".

Maruja Mallo

Biografía



No ano 1931 viaxa a cunha bolsa de Ampliación de Estudios. No 1933 regresa a Madrid e adícase a ensinar Tamén participa activamente na República. Correndo o ano 1936, estando en Galicia, estalla a Fuxe a Portugal e dende alí ,coa axuda de Gabriela Mistral, vaise a Anos máis tarde mudarase a Nueva York. No ano volta a España, despois de anos de exilio.

Maruja Mallo é o pseudónimo de
..... Nace en (Lugo) o de de 1902. A súa infancia transcorre en diferentes localidades debido ó traballo do seu pai.

No ano 1922 trasládase a, onde vai estudar na Remata os seus estudos no ano 1926. Alí coñece e relaciónase con artistas, escritores e cineastas; entre eles:, Margarita Manso, Luís Buñuel, María Zambrano ou Xunto a poetisa vive en Madrid como unha muller moderna e emancipada.

Morre en Madrid o
.....



OBRA

PRIMEIROS ANOS



PREMIOS



MENCHU LAMAS



Menchu Pérez naceu en no ano

Cursa estudos de gráfico na Institución Artística de (IADE).

Vive en e viaxa a miúdo a

Está casada con, tamén pintor.



Sempre estivo ligada a colectivos

..... tanto plásticos como poéticos. Na segunda metade dos anos setenta forma parte do Pouco despois relacionase co grupo poético A súa carreira artística coñecerase a partires da creación do colectivo de artistas galegos, ao que pertence, coñecido co nome de, no ano 1980. Tratan de renovar a galega. No ano ten lugar a súa primeira exposición en Madrid. Participa en moitas colectivas, tanto en España como no..... É dende hai tempo un dos máis importantes da española

Podemos atopar obras súas no

na Fundación e

e no Museo de

Contemporáneo

.....



OBRA

As súas vigorosas icónicas están caracterizadas por amplas pinceladas, polas súas primarias, case rechamantes polo predominio de e rectilíneos formatos e por unha iconografía reducida baseada en sinxelas (torsos, e).



Na segunda metade da dos oitenta tras participar en varias colectivas e expoñer no estranxeiro os representados simplifícanse ata que só quedan xeométricas Incluso pódese apreciar certa influencia da pintura estadounidense dos Campos de na maneira de colocar no espazo os e na aplicación de sucesivas capas de



Nos abre unha nova etapa Prodúcese un retorno a unha máis próxima a realidade aínda que só quede do obxecto a súa siluetada. O



..... adquire un novo protagonismo empre- gando para a súa elabora- ción técnicas como o e o aerógrafo. Pouco a pouco a súa pintura aché- gas ás concepcións



....., con formas que provocan unha visual no cadro apodéranse da súa produción.

Con materiais coma estes ou simplemente usando a libreta e cun traballo dirixido, os alumnos e alumnas van aprendendo moitísimas cousas sobre o pintor que estudan e a pintura.

Logo chegarán as exposicións orais diante dos seus compañeiros para comunicar a todos o aprendido.

Como mostra deste traballo quedará un traballo conxunto que recolle bravemente o aprendido sobre o pintor e a súa obra.
Tamén levamos adiante unha nova proposta de CAROLA QUERE
....SABER

Que é o CUBISMO?

É um movimento artístico desenvolvido entre 1907 e 1914.

Nasceu em **Francia**.


Encabeçado por: **Pablo Picasso**, **Georges Braque** e **Juan Gris**.

É uma tendência que dá pé ao resto das vanguardas europeias do século XX.

O movimento iniciou no quadro: "**Las Señoritas de Avignon**" (Damoiselles D'Avignon) de Pablo Picasso.

O termo cubismo foi cunhado pelo crítico francês Louis Vauxcelles, que disse, despreciativamente, que era uma pintura composta por "**pequenos cubos**".

Las Señoritas de Avignon
Museo de Arte Moderno (MoMA)
Nueva York (USA)



A.L

A COR VERDE FORMASE
MESTURANDO AMARELO E AZUL



Os homes primitivos pintaban utilizando trozos de carbón e preparando con terras moidas diferentes cores (ocre, vermello, castaño) mezclados coa graxa de animais ou incluso co sangue.

Os trazos facíanse cunha ramiaña terra e lixeiramente machacada; as veces usábon mechons de pelo de animais e máis a miúdo pintaban coas propias mans.

As pinturas localízanse nas partes máis profundas das cavernas rodeadas de escuridade. As máis frecuentes ademais do cabalo son: bisontes, cervos, mamuts, osos e touros.

Pensaban que, con so pintar as súas paredes, os animais serían máis fáciles de cazar.
Curso: 2º B




Carola preguntounos que era un cabalete. Primeiro na clase saíron as seguintes respostas:

1º É un cabalo pequeno.

2º Onde se lle pon a silla ao cabalo.

3º Un sitio que tiramos en infantil para pintar.



Despois fomos a biblioteca e en

parellas buscamos no dicionario CABALETE.

"O cabalete é unha armazón preparada para colocar os cadros que se van pintar.

Tamén ten un sitio para poñer os botes de pintura e os pincéis.

1º A

O PUNTILLISMO

O *puntillismo* é un estilo de pintura que consiste en facer un debuxo mediante puntos. Aparece por primeira vez no ano 1880. O primeiro pintor que usou esta forma de pintar foi un pintor francés chamado *Georges Seurat*.



2º A

SON OS "TRAMPANTOLLOS", UNHAS PINTURAS QUE QUEREN ENGANAR Á VISTA, FACENDO VER O QUE NON HAI
DEPOIS DE MIRAR MOITOS, DECIDIMOS QUE O MELLOR DE TODOS ERA:



O TIGRE FAI
MOITA TRAMPA
A ALLICA
ESTA DE PE
LAGO: O TIGRE FAI MOITA TRAMPA, A CHICA ESTA DE PE

A TELE
E O TIGRE
Y AS RALLAS
ANTÓN: A TELE E O TIGRE E AS RALLAS

UN TIGRE SALE DE
UN TUBO DE VENTANA
NICOLÁS: UN TIGRE SALE DE UNA VENTANA

OLEO DE
SALE DE UN CRISTAL MÁGICO
AINARA: O LEÓN SALE DE UN CRISTAL MÁGICO

6º B - INFANTIL

CRISTAL LE SALE DA TERRA
GAEL: PORQUE SALE DE LA TIERRA

ES APTO EN EL
PARECE ESTÁ DE PIE
PEDRO: ESTÁ PINTADO EN EL SUELO, PARECE QUE ESTÁ DE PIE

MIRÓ

JOAN MIRÓ


- NACEU FAI MOITOS ANOS EN BARCELONA.
- DE PEQUEÑO O QUE MAIS LLE GUSTABA ESRA PINTAR.
- CANDO MEDROU ,ENFERMOU E Ó RECUPERARSE MARCHOU A OUTRO PAIS.
- ALÍ PINTOU MOITOS CUADROS E FÍXOSE FAMOSO
- VIVEU MOITOS ANOS E SIGUEU PINTANDO ATA MOI MAIOR.



3 ANOS

CARACTERÍSTICAS DA SÚA PINTURA

- ✚ PINTABA FIGURAS, PAISAXES RURAIS, RETRATOS E FACIA ESCULTURAS.
- ✚ USABA AS CORES VERMELLO, AZUL, VERDE, NEGRO, BLANCO E AMARELO.
- ✚ IMITABA A FORMA DE PINTAR DOS NENOS.
- ✚ PINTOU MOITOS CUADROS.
- ✚ USABA FIGURAS DE ESTRELAS, LÚAS E PUNTOS.



Laxeiro

O seu nome é José Otero Abeledo. Naceu no ano 1908 na parroquia de Donramiro (Lalín). Aos seis anos trasladouse desde a súa aldea natal a Botes (Lalín), onde a mestra da escola viu as súas aptitudes para o debuxo.


En 1921 emigrou coa súa familia á Habana, onde xa estaba o seu pai. Aquí realizou numerosos oficios que combinou con clases nocturnas. Logo de catro anos en Cuba, regresou a Lalín moi doente dunha respiratoria da que non contaba saír e, con todo, recuperouse. Unha vez san, dedicouse ao oficio de barbeiro de feiras, debuxando incansablemente a todos os seus clientes.


En 1931, grazas a unha beca do Concello de Lalín trasladouse á Madrid para estudar Belas Artes, prolongando a súa estancia un ano máis mediante outra beca. Durante a súa permanencia na capital visitada asiduamente o Museo do Prado, tomando influencia de pintores como Goya, Velázquez, Ticiano, Rembrandt e ata vanguardistas como Picasso e Solana.

Regresou a Lalín en 1933 instalando o seu estudo de pintor no "Hospitalillo".

No ano 42 foise a Vigo, onde permaneceu ata que, en 1951, foi invitado a realizar unha exposición en Bos Aires, onde decidiu quedarse.

En 1970 regresou definitivamente a España, vivindo entre Madrid, Vigo e Lalín. Foron anos de recoñecemento artístico. Realizou numerosas exposicións e recibiu premios de gran importancia ata a súa morte en Vigo en 1996.





Marcos Ibáñez Vimeiro

3ºA e 3ºB

Características da súa pintura

É sen dúbida, un dos pintores galegos máis cotizados. Imaxinativo, fantástico, irónico e ata mordaz, exaltou o folclorismo esperpéntico da súa infancia rural.

Na actualidade as súas obras expóñense en importantes museos como o Centro Reina Sofía de Madrid, Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela, Museo Provincial de Pontevedra, Museo Municipal da Coruña, Museo Aurennes de León de Vigo, Museo de Bos Aires, etc.



3ª FASE: CREACIÓN. TEXTO LITERARIO AUTOBIOGRAFÍA

O traballo de autobiografía supón por un lado unha adaptación a cada idade.

En Ed. Infantil traballaron as emocións, contar por que nos chamamos así e vivenciar cousas que fan e contan con nós na semana do protagonista.

En 1º fan unha recollida dos datos deles e dos seus compañeiros: Nome, apelidos, dirección, número de teléfono, etc

En 2º descricións dun mesmo e dos da clase.

En 3º e 4º contan algún episodio gracioso que vivisen sendo máis pequenos.


En 5º fan preguntas a alguén maior da súa aldea e logo confeccionan unha pequena autobiografía do mesmo.

En 6º escriben a súa autobiografía, tendo en conta as fontes orais que son os seus familiares.

<http://eche-oquehai.blogspot.com.es/>

A BE fai unha pequena contribución para que todos teñamos claro o que é este tipo de texto literario.

COMO FACER UNHA AUTOBIOGRAFÍA



Edicións Carola
Curso 2012-2013

Unha autobiografía é a vida dunha persoa contada por ela mesma



Por iso:




Tes que escribir en 1ª persoa.



EU



Tes que contar cousas sobre ti.



Antes de empezar fai preguntas á túa familia. Eles son os que máis te coñecen e os que máis información che poden dar:

Sobre eles e os seus pais, é dicir, os teus avós.

Sobre ti:

- Onde naciches?
- Canto pesaches?
- Por que te chamas así?
- Que libro che gustaba de pequeno?
- Que che gustaba facer?

Cousas curiosas que che interesen:

- Como foi o teu primeiro día de colexio.
- A que lle tiñas medo
- Cal era o teu xoguete favorito

Podes pedir fotografías ou debuxos de cando eras pequeno para ilustrar o teu traballo.

Por suposto podes debuxar e facer as túas propias ilustracións.

Agora vas ter que SELECCIONAR aquilo que queres contar....
Pénsao ben e ponte mans á obra:

Escolle o formato que vas empregar: cuartilla, folio en vertical, folio en horizontal, etc TI DECIDES.

Despois de escribilo non te esquezas de anotar AS FONTES do teu traballo. Neste caso non serán libros senón os relatos e as conversas que tiveras cos teus familiares. Son FONTES ORAIS. Pero grazas a eles obtiveches os datos para o teu traballo e é importante recoller os seus nomes.

ESFÓRZATE E FAINO MOI BEN!!!!!!